

INFORME-PROPOSTA LISTAXE DEFINITIVA E RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS NO PROCESO PROVISIÓN POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO DE XEFATURAS DE SECCIÓN VACANTES DO CONCELLO DE FERROL

No BOP de A Coruña en data 09/03/2018 publícanse a convocatoria e Bases reguladoras do proceso de provisión polo procedemento de concurso dos postos vacantes de xefaturas de sección do Concello de Ferrol , aprobadas por decreto de data 6 /03/2018, trala aprobación en Mesa xeral de negociación de 21 de decembro 2017. O expediente deriva da execución de diversas sentenzas xudiciais , tal e como se contén na documentación obrante e mesmo na base primeira, entre outras das reguladoras da convocatoria.

Con data 17 de abril 2018, publícase listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as do referido proceso de provisión de postos, outorgándose prazo para presentación de alegacións de selo caso, de conformidade ao establecido na base 6.3 das reguladoras.

Con data 24 de abril 2018, presenta reclamación contra o antedito Decreto de 17 de abril, o aspirante excluído D. José Angel Lamas Serén, solicitando ser admitido no procedemento de provisión por concurso.

Con data 25 de abril 2018, presenta recurso potestativo de reposición contra o antedito Decreto de 17 de abril, o aspirante excluído D. Gustavo Ariel Perea Vega, solicitando ser admitido no procedemento de provisión por concurso.

Con data 27 de abril 2018, , presenta alegación contra o antedito Decreto de 17 de abril, Dna Engracia Dopico Gónzalez , quen figurando admitida na antedita listaxe provisional , solicita que na listaxe defintiva se distinga aos funcionarios que concursan en primeira fase do concurso dos que concursan " a resultas de conformidade ao fallo das sentenzas xudiciais que motivan o procedemento e tal e como recollen as bases reguladoras,sendo ésta a única alegación estimada.

Con data 30 de abril 2017, presenta alegación contra o antedito Decreto de 17 de abril, Dna Paula María Suarez Cotelo , solicitando ser admitida no procedemento de provisión por concurso.

Na base 3.6 das bases reguladoras do proceso de provisión polo procedemento de concurso dos postos vacantes de xefaturas de sección, determínase : "Os/as aspirantes excluídos na referida listaxe provisional (na que ademais designarase nominativamente aos membros intergantes da Comisión avaliadora) disporán dun prazo de 10 días hábiles para subsanación ou enmenda da documentación. A estimación/desestimación da petición de enmenda ou subsanación entederase implícita na resolución da listaxe defintiva de aspirantes admitidos e excluídos. No prazo de enmenda/subsanación, unicamente poderá aportarse aquela documentación que motivou a exclusión provisional e, especificamente, non será documentación algunha de méritos non aportados ou incorrectamente acreditados por causa imputable aos aspirantes."

Os motivos de exclusión dos/as aspirantes excluídos na listaxe provisional, consideraranse insubsanables , ao non concurrir o requisito establecido na Base 2.1.a) "ostentar condición de funcionarios/as de carreira dos Corpos técnicos da Administración xeral ou da Administración especial do Concello de Ferrol , de conformidade aos requisitos e características determinadas na RPT do Concello de Ferrol en vigor " polo que quedan desestimadas ao non apreciarse que a interpretación da nota 4 das observacións da RPT vixente obrigue a esta Administración a admitir no concurso de provisión a funcionarios/as

que non cumpren o requisito de pertencer en condición de funcionario de carreira do Concello de Ferrol, xa que na mesma non se determinan expresamente os postos "abertos" de conformidade ao establecido polo art. 38.5 da Lei 2/2015 de 29 de abril do Emprego público de Galicia, senón que se determina que " poderán ser desempeñados por funcionarios doutras administracións, incluída a local ". O carácter potestativo implícito na redacción da antedita nota das observacións da RPT vixente, outorga ao Concello a competencia da súa interpretación limitativa motivada a maior abundamento no feito de estar executando os fallos xudiciais das Sentenzas nº 104/2017 de data 27 de xullo, e Sentenza nº 105/2017 de data 28 de xullo, ambas dúas do Xulgado contencioso administrativo n. 1 de Ferrol.

Non obstante, para maior garantía xurídica e defensa dos interesados , notificarase a cada un dos que alegan, notificación individualizada da desestimación das alegacións/reclamacións presentadas.

En base a todo o exposto, proponse:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións/reclamacións interpostas polos aspirantes excluídos na listaxe provisional D. José Angel Lamas Serén, D. Gustavo Ariel Perea Vega e Dna Paula María Suarez Cotelo.

SEGUNDO.- Elevar a definitiva a listaxe provisional aprobada, dando inicio ao proceso de provisión por concurso dos postos vacantes de xefaturas de sección do Concello de Ferrol, coa convocatoria da comisión avaliadora xa determinada no Decreto de 17 de abril ,do seguinte xeito:

ASPIRANTES ADMITIDOS EN PRIMEIRA FASE :

APELIDOS E NOME	DNI
DOPICO GONZALEZ, ENGRACIA	326225** M

ASPIRANTES ADMITIDOS EN SEGUNDA FASE (A RESULTAS):

APELIDOS E NOME	DNI
M LOPEZ GONZALEZ, LAURA	326325** X
NICOLAS SANCHEZ, ANGEL DE	326277**A
PUIG MOSQUERA, MARIA MILAGROS	326203**C
RUIBAL MARIÑO, ANA BELEN	326682**C

ASPIRANTES EXCLUIDOS

APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO EXCLUSIÓN
LAMAS SEREN, JOSE ANGEL	333270**J	Incumprimento requisito base 2.1 a)
PEREA VEGA, GUSTAVO ARIEL	328133**G	Incumprimento requisito base 2.1 a)
SUAREZ COTELO, PAULA MARIA	469097**J	Incumprimento requisito base 2.1 a)

Este é o meu Informe- proposta, que someto a calquera outro mellor fundamentado e que elevo á Alcaldía Presidencia quen, co seu mellor criterio , procederá como estime mais oportuno e convinte en base ás competencias conferidas polo art. 21.1 da Lei 11/99 de modificación da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local , art.114 e seguintes da Lei 39/2015 e demais de aplicación.

Ferrol, 2 de maio 2018.

Asdo. Crisitna Garay Aguirre
xefa de servizo de RR.HH e Emprego

DECRETO:

Asunto:INFORMEAsunto:Asunto:



Vista a anterior proposta e e examinada a documentación que a acompaña , veño en aprobala nos seus propios termos.

Ferrol,
O Alcalde

- 2 MAI. 2018

Dou fe,
O scretario xeral

A handwritten signature in blue ink, written over a blue circular stamp. The stamp contains the coat of arms of Ferrol and the text "AYUNTAMIENTO DE FERROL" around the perimeter.

A handwritten signature in blue ink, written over a blue circular stamp. The stamp contains the coat of arms of Ferrol and the text "CONCEJO DE FERROL" around the perimeter.

